



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/46/2015	CONZI100
2A3F0B1J296A1K2I0E7A	

Reunidos no salón de actos da casa consistorial, o día 10 de decembro de 2015, ás 13,00 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato do servizo de recadación de taxa de recollida de refugallos sólidos urbanos, formada por Dna. María del Pilar Ferreiro Díaz (alcaldesa accidental), que actuará como presidenta; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (secretario da corporación); Dna. Pilar Canzobre Méndez (interventora da corporación); D. D. Manuel G. Antón Villamil (Xefe de Servizo de Intervención e Facenda), D. Pablo Villamar Díaz (concelleiro delegado de facenda), que actuarán como vogais, e, por último, D. Ignacio Mazaira Garro, do departamento de contratación, que actuará como secretario da mesa.

Antes de abrir o sobre «B», o Secretario da Mesa pon en coñecemento dos presentes a admisión da declaración responsable entregada polo único licitador deste procedemento a empresa COSMA SA.

Procédese, posteriormente, á apertura dos sobres, co seguinte resultado:

COSMA S.A. presenta un programa de traballo que contempla o desenvolvemento do traballo e memoria explicativa que contempla os cinco puntos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares: Revisión do padrón de lixo, detección de fraudes e regularización do padrón, emisión e envío dos recibos, canais de comunicación cos usuarios e recepción e resolución de reclamacións.

Despois de ler as proposicións, xa que non se observou ningún defecto, remítense estas aos servizos técnicos para a súa valoración de acordo cos criterios e coa ponderación establecidos no prego.

O presidente dá por rematada a reunión ás 13,21 horas da data indicada no encabezamento, e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que asinan comigo presidente e vogais, dou fe.

A mesa de contratación

Asdo.: María del Pilar Ferreiro Díaz

Asdo.: Pilar Canzobre Méndez

Asdo.: Alfonso de Prado Fernández-Canteli

Asdo.: Manuel G. Antón Villamil

Asdo.: Ignacio Mazaira Garro